

AG/jf

## **INFORME DE INTERVENCIÓN**

En cumprimento da legalidade vixente, en relación co **Expediente de modificación do orzamento: 01/2024**, que contén un expediente de créditos extraordinarios “EXT.01/24, e outro de suplementos de crédito “SUP. 01/24”, emétese o seguinte informe:

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Artigos 177, 179 e 180 do TRLRFL, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigos 34 a 38 e 40 a 42 do R.D. 500/1990, de 20 de abril (RD).
- Artigos 2, 3, 11, 12, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Acordo do Consello de Ministros de 13 de decembro de 2023, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade e teito de gasto non financeiro das Administracións Públicas para 2024-2026.
- Bases de execución do orzamento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS**

O expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como en relación cos recursos que os financian.

Respecto do cumprimento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, periodicamente infórmase sobre o cumprimento, polo tanto, non procede incorporar ao expediente un informe específico. Non obstante, en 2024 reactívanse a regras fiscais e este expediente de modificación de crédito, en función das obrigas que se cheguen a recoñecer ao longo do exercicio, podería dar lugar na liquidación do orzamento ao incumprimento de dita Lei de Estabilidade. Se ben, tendo en conta que o expediente trátase dunha modificación cualitativa ao financiarse con cargo a “baixas por anulación”, non cabe admitir que o seu emprego para financiar gasto ocasione unha situación de déficit estrutural; ademais, as aplicacións obxecto da modificación, non supoñen a asunción de novas actividades ou servizos por parte da Deputación, que impliquen un incremento no futuro dos gastos de funcionamento, mantemento ou conservación.

A tramitación destes expedientes respecta o equilibrio orzamentario.

A tramitación destes expedientes esixe os trámites seguintes:

- Ditame da Comisión Informativa.
- Acordo Plenario.
- Exposición ó público polo prazo de 15 días hábiles.
- Acordo Plenario de resolución de reclamacións, se fose o caso e, aprobación definitiva.
- Publicación do resumo por capítulos no B.O.P.

É canto considero que teño que informar, non obstante, o Pleno da Corporación resolverá o que estime máis convinte.

Asinado dixitalmente ao marxe.

